

# GUÍA FÁCIL para alumnado novo

**Que?** A EOI de Santiago de Compostela é un centro público de ensinanzas de idiomas para adultos

Ensinamos e certificamos alemán, español (para estranxeiros), francés, inglés, galego e portugués, organizados de acordo cos niveis **A1, A2, B1, B2, C1 e C2** do Marco Común Europeo para as Linguas.

**Quen?** Para poder cursar ou certificar debes: ter un DNI ou NIE en vigor, e cumprir

**16 anos** (para calquera idioma) ou cumprir **14 anos** (para un idioma diferente á túa primeira lingua na ESO)

**Onde?** A EOI de Santiago de Compostela ten unha sede central en Santiago (Vite) e seccións en Santiago (Sar), Negreira, Noia, Ordes e Ribeira.

**Canto?** Un curso de 120 h. anuais (normalmente en **2 sesións semanais de 2 h** cada unha) custa **127€** para o alumando novo. A normativa contempla exencións por discapacidade, familia numerosa... Hai oferta horaria polas mañás e polas tardes.

**Cando?** O curso comeza en setembro remata a finais de maio, con exames en maio e xuño. Hai cursos intensivos cuadrimestrais. A matrícula oficial é na segunda quincena de setembro, previa preinscrición; a matrícula libre (para optar ao exame de xuño) é en primavera.

**Como?** Para matricularse hai que:

1. preinscribirse en-liña na primeira quincena de setembro e esperar á adxudicación de prazas
2. reservar a praza que se adxudicou
3. formalizar a matrícula presentando a documentación na secretaría do centro no prazo establecido

Se tes coñecementos previos do idioma podes facelos valer para acceder a un curso máis alto presentando unha acreditación recoñecida ou facendo unha proba diagnóstica de clasificación en setembro